



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE CAZA PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO 2016

En Santiago de Compostela, a 16 de febreiro de 2016

REUNIDOS

O Sr. D. José Ramón Lete Lasa, Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nos Secretarios Xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do O Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

O Sr. D. Javier Nogueira Diz, Presidente da Federación Galega de Caza, en nome e representación da mesma, en exercicio das facultades atribuídas ó efecto polos seus estatutos federativos.

EXPOÑEN

- I. Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondendo á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no *Decreto 88/2013, de 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia*.
- II. A *Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia* regula no seu artigo 51.1 as federación deportivas galegas, configurándose estas coma entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación que se estende á Comunidade Autónoma.
- III. Segundo o establecido na *Lei 3/2012, de 2 de abril*, só se pode recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade deportiva (art. 51.5), exercitando cada unha delas en réxime de exclusividade, ademais das funcións que son propias do seu ámbito privado, as funcións públicas



delegadas no artigo 56.4 da norma, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración (art. 51.4).

IV. Neste marco das funcións federativas, é pretensión da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, subscribir o presente convenio de colaboración coa Federación deportiva de Caza para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o 2016, concretado nas actuacións recollidas no presente documento, atribución que ostenta esta, en réxime de exclusividade, segundo o antedito artigo 56 da Lei Xeral do Deporte de Galicia.

V. A tal efecto, as partes subscriben o presente convenio que se suxeitará as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.


O obxecto do presente convenio é establecer para o ano 2016, as bases de colaboración deportiva e económica entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Caza, ao fin da realización por esta das actuacións, funcións e cometidos que, conforme á *Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia*, asume en réxime de exclusividade, segundo se indica no artigo 56 e concordantes da norma.

Esta colaboración circunscríbese á actividade federativa que garante o desenvolvemento da modalidade e especialidades deportivas propias da Federación, en todos os seus niveis, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego, tal e como queda reflectido, en termos de actividade e económicos, no Anexo I do presente convenio, parte integrante, xunto o resto dos Anexos, do mesmo.

En todo caso, e non obstante esta concreción, sempre que o interese deportivo así o aconselle, poderá procederse, previa solicitude motivada da Federación e autorización expresa e por escrito da Secretaría Xeral para o Deporte, á modificación dos termos do referido Anexo, modificación esta que, en ningún caso, poderá supor incremento algún da contía total establecida no presente convenio.

Segunda.- Financiamento e importe da axuda

Ao fin de cumprimentar o establecido na cláusula primeira, a Secretaría Xeral para o Deporte concede á Federación Galega de Caza unha subvención por un importe total de vinte e seis mil seiscientos trinta e tres euros, (26.633,00€),





imputables á aplicación orzamentaria e anualidade que de seguido se identifican:

04.40.441A.481.0.
Anualidade 2016

O importe anterior destinarase ás distintas liñas de actuación que se recollen e identifican no anexo I do presente convenio. A contía correspondente ao programa "Gastos Xerais", non poderá ser superior ao vinte e cinco por cen (25%) do total da subvención concedida.

Terceira.- Concorrenza con outras axudas.

A presente subvención é compatible con outras subvencións e axudas, públicas ou privadas, que poida acadar a Federación para a realización das actuacións obxecto do presente convenio e que se reflicten no seu Anexo I, sempre que a suma de tódalas subvencións e axudas non superen os gastos asumidos pola Federación con motivo de ditas actuacións obxecto da presente subvención.

Cuarta.- Criterios

4.1. O importe económico fixado neste convenio resulta da aplicación dos seguintes criterios.

A. Tempada anterior. Análises técnico da derradeira tempada finalizada

A.1. Categoría olímpica ou non olímpica

Deporte olímpico de verán

Deporte olímpico de inverno

Deporte paralímpico

Deporte non olímpico

A.2. Número de licenzas anuais

Número total de licenzas de deportistas

Número total de licenzas de deportistas de base (excluíndo veteranos, absoluta e previa á absoluta)

Número total de licenzas de árbitros/xuíces.

Número total de licenzas de técnicos/adestradores

Número total de licenzas femininas

Número total de deportistas con discapacidade

Número total de licenzas de deportistas maiores de 40 anos

A.3. Número total de deportistas con participación en a lo menos 1 competición oficial.

A.4. Número total de deportistas DAN ou DGAN (sen duplicidade).

A.5. Número total de clubs dados de alta na federación.

A.6. Número de clubs con participación (como entidade, o a lo menos algún dos seus deportistas) en como mínimo unha competición oficial.

A.7. Número de deportistas participantes en competicións oficiais coa selección Española en todas as categorías (a excepción de veteranos/grupos de idade ou similar).

A.8. Número de deportistas participantes en competicións oficiais

A.8.1. Internacionais (fase final):

Campionato do Mundo en categoría absoluta

Campionato de Europa en categoría absoluta

Campionato do Mundo en categorías inferiores

Campionato de Europa en categorías inferiores

A.8.2. Nacionais (fase final):

Campionato de España categoría absoluta

Campionato de España en categorías inferiores

Campionato de España por autonomías en categoría absoluta

Campionato de España por autonomías en categorías inferiores

A.8.3. Outros

Grand Slams, Grand Prix (máxima categoría), Masters (non veteranos), Grandes Voltas, Grandes ascensións, Circuitos mundiais (máxima categoría), Copas do Mundo, Ligas o Copas de Europa, Cavidades Clase 4-5-6, Barrancos clase 5-6-7 e Actividades en Grandes Cavidades.

A.9. Resultados obtidos en competicións oficiais.

Nos deportes colectivos, entenderase a participación co equipo nacional correspondente ou ben a participación dun club na liga europea.

Esixirase formar parte da convocatoria de algún partido oficial do campionato.

En Mundiais e Europeos será necesario más de 15 deportistas participantes na proba, de ser 15 ou menos so se puntuarán os tres primeiros postos.

A.9.1. Internacionais:

Campionato do Mundo en categoría absoluta

1º clasificado

2º clasificado

3º clasificado



4º/5º clasificado
Campeonato do Mundo en categorías inferiores
1º clasificado
2º clasificado
3º clasificado
4º/5º clasificado
Campeonato de Europa en categoría absoluta
1º clasificado
2º clasificado
3º clasificado
Campeonato de Europa en categorías inferiores
1º clasificado
2º clasificado
3º clasificado

A.9. 2 Nacionais

Campeonato de España en categoría absoluta
1º clasificado
Campeonato de España en categorías inferiores
1º clasificado
Campeonato de España por autonomías en categoría absoluta
1º clasificado
Campeonato de España por autonomías en categorías inferiores
1º clasificado
Copa de España en categoría absoluta
1º clasificado
Copa de España en categorías inferiores
1º clasificado

A.9.3. Outros

Nº de podios en Grand Slams, Grand Prix (máxima categoría), Masters (no veteranos), Grandes Voltas, Grandes ascensions, Circuitos mundiais (máxima categoría), Copas del Mundo, Ligas o Copas de Europa, Cavidades Clase 4-5-6, Barrancos clase 5-6-7 e Actividades en Grandes Cavidades.

Nº de 4º a 5º postos en Grand Slams, Grand Prix (máxima categoría), Masters (no veteranos), Grandes Voltas, Grandes ascensions, Circuitos mundiais (máxima categoría), Copas del Mundo, Ligas o Copas de Europa, Cavidades Clase 4-5-6, Barrancos clase 5-6-7 e Actividades en Grandes Cavidades.

A.10. Actuacións levadas a cabo en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte.

- Realización de controis encamiñados á detección de métodos ou sustancia prohibidas.

- Actividades de formación e sensibilización para deportistas, técnicos, directivos e outros axentes vinculados coa práctica deportiva da súa modalidade.

B. Proxecto deportivo presentado para o ano 2016

B.1. Porcentaxe do presuposto destinado a actividade deportiva fronte ao presuposto total da federación (Réstase ao presuposto total da federación o apartado destinado a gastos xerais de funcionamento da federación)

B.2. Organización de competicións oficiais no ano 2016

B.2.1. Internacionais

Campionato do Mundo

Campionato de Europa

B.2.2. Nacionais

Campionato de España

Copa de España

B.2.3. Outros grandes eventos

B.3. Organización de actividades de formación no ano 2016.

B.3.1. Cursos oficiais de formación de técnicos

Nivel 1

Nivel 2

Nivel 3

B.3.2. Cursos de formación para xuíces/árbitros

B.3.3. Cursos de formación continua para técnicos/árbitros/xuíces

B.4. Programación do deporte base en 2016 (non incluído no programa Xogade), ata a categoría previa a absoluta, non incluída.

B.4.1 Actividade competitiva

Estimación nº de participantes

Nº de xornadas

B.4.2 Actividade non competitiva

Estimación nº de participantes


Nº de xornadas

B.5. Programa de Tecnificación deportiva no CGTD para o ano 2016.

Nº de deportistas

Nº de deportistas con tres ou máis anos no Centro.

Nº de adestradores





B.6. Programa de alto rendemento deportivo no CGTD para o ano 2016.

Nº de deportistas

Nº de adestradores

B.7. Actividades non competitivas en 2016 non contempladas nos apartados anteriores.

B.7.1. Estimación número de participantes

B.7.2. Nº de xornadas

B.8 Proxecto Olímpico (grupo de deportistas con opcións de clasificación olímpica).

B.8.1. Número de técnicos contratados para este programa

B.8.2. Número de deportistas beneficiarios deste programa

B.8.3. Proxecto deportivo 2016 (actividade deportiva prevista e presuposto)

de cada deportista incluído neste programa.

B.9. Deporte base. Programa Xogade - organización de eventos e/ou competicións deportivas

B.9.1. Programación actividade escolar (nº de eventos/competicións organizadas)

B.9.2. Programación actividade federada (nº de eventos/competicións organizadas)

B.9.3. Gastos de arbitrxes previstos para 2016

No programa da actividade escolar Xogade

No programa da actividade federada Xogade

C. Importancia estratéxica especial para a Comunidade Autónoma.

C.1. Promoción da igualdade no deporte

- Adhesión ao manifesto pola igualdade no deporte

- Porcentaxe de mulleres na xunta directiva da federación

- Programa específico para o fomento do deporte feminino

C.2. Programa específico para o fomento e integración de deportistas con discapacidade.

C.3. Programa específico para o fomento da práctica deportiva en persoas maiores de 40 anos.

C.4. Consideración de deporte autóctono de Galicia

C.5. Proxección de futuro da modalidade deportiva na nosa Comunidade

- Incremento do número de licencias con respecto ao ano anterior

- Preservación de modalidades deportivas autóctonas en risco de desaparición
 - Actividade das escolas deportivas da federación
- C.6. Retorno económico para a nosa Comunidade
- C.7. Proxectos deportivos puntuais de especial relevancia non contemplados en ningún dos criterios da cláusula cuarta deste convenio.

D. Criterios financeiros, económicos e administrativos

D.1. Financeiros

Sobre custes inherentes á práctica deportiva (Exclusivamente gastos en competicións oficiais ou en concentracións de Tecnificación ou ben Rendemento e so en caso de gastos non asumidos polos participantes ou pola entidade organizadora).

D.1.1 Transporte e montaxe de material necesario para habilitar, para a práctica puntual da competición, unha instalación ou un espazo natural ou urbano.

D.1.2. Inversión realizada en equipamento deportivo, imprescindible para a realización da competición, no ano 2015 (queda excluído ou material deportivo para os deportistas)

D.1.3. Aluguer de instalacións

D.2. Económicos

D.2.1. Resultado da auditoría das contas de 2014:

- Sen reparos por parte do auditor.
- Con reparos por parte do auditor.

D.2.2. Estado de contas federativas 2014:


- Saldo positivo no balance do exercicio económico 2014.
- Saldo negativo no balance do exercicio económico 2014 .

D.3. Administrativos

- Calidade e grado de actualización da WEB da federación

Quinta.-Obrigas da Federación

5.1. Xunto ás obrigas legais que se deriven dos ámbitos materiais das subvencións, contratación e calquera outros que se lles sexan de aplicación, así como as demais obrigas establecidas no presente convenio, son obrigas da Federación o cumprimento dos termos do mesmo así como da normativa





reguladora de subvencións, particularmente o establecido no artigo 11 da *Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia* -e artigos correspondentes do decreto 11/2009, do 08 de xaneiro-; en concreto:

- a. Con carácter previo á firma do convenio, é requisito indispensable a entrega da seguinte documentación:
 - Declaración responsable asinada polo presidente da federación de non atoparse incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativas concordantes.
 - Declaración asinada polo presidente da federación de outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos, ou privados, nacionais, da UE, ou de organismos internacionais, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución, segundo o modelo enviado previamente dende esta Secretaría Xeral (Anexo II). Esta declaración deberá entregarse de novo con cada una das xustificacións dos anticipos concedidos neste convenio.
 - Certificación da conta bancaria onde se efectuarán os pagamentos.
 - Código de Identificación Fiscal (CIF) da federación.
 - Certificación de estar cumprindo, así como manter durante todo o período de vixencia do convenio, o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a través da inclusión da información na web federativa da totalidade de información segundo anexo VI reflectido neste convenio e que será enviado previamente dende esta Secretaría Xeral.
- b. Executar a actividade que se acompaña como Anexo I.
- c. Facilitar toda a información que lle sexa requirida e someterse ás actuacións de comprobación a efectuar pola Secretaría Xeral para o Deporte así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, e de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, e segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida

incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

- d. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, ao efecto das actuacións de comprobación e control.
- e. Acreditar estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, mediante declaración responsable a aportar no momento de subscripción do presente convenio, e elo conforme ao establecido no Anexo III.
- f. Dispoñer dos libros e rexistros debidamente dilixenciados que establece o Art. 55 da Lei 3/2012 de 2 de abril, do Deporte de Galicia.
- g. Incluír a identidade corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte en tódalas comunicacións, presenzaas publicitarias e medios de comunicación da Federación, así coma nos que esta estea presente, incluíndo internet, así como nas fichas deportivas, pancartas, lugares de competicións oficiais e demais eventos da súa modalidade deportiva, etc. Asemade o vestiario deportivo oficial das seleccións galegas deberá conter as cores representativas de Galicia, debendo aterse ao manual corporativo que facilitará a Secretaría Xeral para o Deporte.
- h. Nos campionatos de España nas categorías en idade escolar organizados polo Consello Superior de Deportes así como nos eventos deportivos de carácter nacional e internacional, os deportistas integrantes das seleccións autonómicas deberán utilizar as equipacións (de xogo e/ou paseo) atendendo ao manual corporativo da Secretaría Xeral para o Deporte.

5.2. Velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumprir o establecido na lei 197/2007 do 11 de xullo contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

5.3. Colaborar, fomentar y facilitar a participación no deporte das persoas con algunha discapacidade, tal e como se establece no artigo 51 da lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

5.4. Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte.



5.5. Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte.

5.6. Presentar, antes do 30 de xullo do 2016, á Secretaría Xeral para o Deporte, segundo o disposto na resolución do 23 de maio de 2011, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se regulan determinados aspectos da contabilidade das asociacións deportivas, as contas anuais (balance de situación, conta de resultados e memoria económica) así como memoria descriptiva das actividades realizadas no exercicio económico 2015. Así mesmo, de resultar obrigada conforme o plan de Auditorías aprobado ao comezo do exercicio pola Secretaría Xeral para o Deporte, deberán presentar dito informe no prazo establecido.

5.7. Comunicar á Secretaría Xeral para o Deporte a intención de solicitar calquera evento de carácter nacional ou internacional, así como, con a lo menos dúas semanas de antelación, as datas e sedes de celebración dos Campionatos Galegos e outros eventos de relevancia incluíndo os actos públicos e de comunicación relativos á presentación dos mesmos, garantindo a presenza institucional da Secretaría Xeral para o Deporte nestes eventos, consonte a súa condición de órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma no ámbito deportivo.

Sexta.- Pagamento.

6.1. Conforme ao establecido no artigo 63 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, o abono da presente subvención realizarase da seguinte forma:

- a. Un primeiro pago, de ata un máximo do cincuenta por cento (50%) da contía total da subvención, tramitarase no momento da sinatura do convenio.
- b. Un segundo, equivalente ao tanto por cento restante, librarase unha vez xustificado o primeiro anticipo, que se deberá realizar con data límite do 30 de xuño de 2016.

O segundo pago xustificarse antes do 31 de decembro de 2016.

6.2. Non se realizará ningún pagamento se non se cumpre o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Sétima.- Xustificación da subvención

7.1. A xustificación da subvención farase nos prazos establecidos no parágrafo 6.1.b) da cláusula 6º do convenio, é dicir:

-15 de maio de 2016, se o importe do primeiro anticipo é igual ou inferior ao 40% da contía total da subvención.

-30 de xuño de 2016, se o importe do primeiro anticipo é superior ao 40% da contía total da subvención.


-31 de decembro de 2016, no caso do segundo pagamento.

De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación deberá presentar ante a S.X. para o Deporte a xustificación do 1º e 2º pagamento nos prazos fixados no apartado anterior. Transcorridos estes prazos sen presentar a xustificación correspondente nesta S.X. para o Deporte, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación de xustificación neste prazo conlevará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

7.2. Para a xustificación da subvención, a Federación deberá aportar, unha relación clasificada da totalidade dos gastos realizados, conforme á previsión recollida no Anexo I no que figuren os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes, a explicación do gasto detallado e datas de pagamento.

Esta relación acompañarase das facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas das mesmas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de subvencións de Galicia. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario.

Non obstante o anterior, en ambos casos e de conformidade co establecido no artigo 42.3 do regulamento de subvencións de Galicia, para o caso de importes inferiores á 1.000 €, as facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibín do correspondente provedor. Esta posibilidade de xustificación por recibín queda limitada, en todo caso, aos ámbitos dos arbitaxes, axudas de custo e quilometraxes.





7.2. No caso de facturas que superen o importe de 9.000€, deberán achegarse alomenos tres orzamentos de tres empresas diferentes e a xustificación da empresa elixida. Os orzamentos deberán solicitarse, e estar datados, con fecha anterior á contratación pola federación.

7.3. Se a Federación delega nun club deportivo toda a organización dunha actividade deportiva ou competitiva deberá asinar un convenio de colaboración con este club. Para a xustificación económica deste importe a Federación deberá presentar o convenio asinado co club, xustificante bancario do pagamento do importe do convenio ao club, e as facturas orixinais ou compulsadas así como os xustificantes bancarios dos pagamentos feitos polo club para a realización da actividade conveniada ou ben factura oficial emitida polo club detallando todas as actividades realizadas e o custe de cada unha delas.

7.4. Na xustificación de cada un dos pagamentos, xunto á relación clasificada de gastos e os documentos acreditativos dos gastos e pagos, a Federación entregará a seguinte documentación:

- a. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos, emitida polo Secretario da Federación co visto e praxe do Presidente.
- b. Declaración doutras axudas (Anexo II)
- c. Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade Social (Anexo III)
- d. Certificado de veracidade dos datos presentados (Anexo IV)
- e. Certificación de cumprimento das normas de bo goberno (Anexo V)
- f. Memoria de actividades deportivas (parcial no primeiro pagamento e total no pagamento final).
- g. Memoria explicativa de cada un dos gastos presentados.

7.5 .Ademais da documentación ata o de agora sinalada, para a xustificación do segundo e último anticipo deberá aportarse tamén:

- a. Acreditación, nun apartado específico da xustificación, do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte mediante a achega de documentos gráficos nos que conste a mesma.

7.6. A xustificación da subvención mediante gastos federativos consistentes en custes laborais, queda suxeita ás seguintes regras:

- a) Entenderase exclusivamente por custes laborais os consistentes nas remuneracións realizadas ós traballadores da Federación e as súas


correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (I.R.P.F.), así como as cotizacións sociais correspondentes á Federación.

- b) Os custes laborais unicamente poderán imputarse como xustificación nos seguintes programas e coas seguintes limitacións:
 - a. No ámbito do programa “Gastos xerais de funcionamento”: os correspondentes a persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.
 - b. No ámbito do programa “Tecnificación”: os custes laborais correspondentes a técnicos, adestradores e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo dos deportistas deste programa (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc).
- c) A xustificación dos custes laborais necesariamente deberá ir acompañada dunha certificación do secretario da Federación, co visto e praxe do Presidente, na que se estableza que os traballadores cuxos custes laborais se imputan á subvención son persoal laboral federativo durante o período comprendido polo presente convenio.

7.7. No caso de que se imputen gastos de vehículos federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros, etc) a federación deberá deberá aportar con cada xustificación unha certificación asinada polo secretario co visto e praxe do presidente onde se relacionen todos vehículos federativos, detallando a que programa/s de este convenio se imputarán os seus gastos. Se estes gastos son imputados a máis dun programa, debe indicar que porcentaxe de imputación corresponde a cada un dos programas.

No caso dos gastos de combustible, na factura deberá figurar a matrícula do vehículo federativo. Se para os pagamentos se utilizan tarxetas de combustible estas deberán ir vinculadas a un vehículo federativo, non a persoas concretas. No caso de facer os pagamentos con tarxetas bancarias federativas vinculadas a unha persoa concreta, a xustificación debe vir acompañada dunha certificación asinada polo secretario co visto e praxe do presidente onde se relacionen as tarxetas de crédito vinculadas a contas da federación e os seus usuarios. Ademais, para cada desprazamento pagado deste xeito, deberá achegar unha certificación onde se especifique claramente cal é o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función, xunto coas correspondentes facturas e os seus pagamentos.

7.8. Se os pagamentos das facturas xustificativas da subvención se realizan cunha tarxeta bancaria persoal, deberá achegar unha certificación da





federación onde se especifique claramente no caso de desprazamentos o lugar de destino, o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función, xunto coas correspondentes facturas e os seus pagamentos, así como a transferencia bancaria da federación á persoa titular da tarxeta. Se se trata de calquera outro gasto, deberá presentar unha autorización da federación para facer ese gasto e utilizar esa forma de pagamento.

7.9. Os documentos xustificativos de gastos e pagamentos deberán de estar datados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2016, ambas datas incluídas.

Oitava.- Gastos subvencionables

No ámbito do presente convenio, terán a consideración de gastos subvencionables entre outros os que de seguido se relacionan, entendendo que é meramente enunciativa e non limitativa:

1) No programa “**Gastos xerais de funcionamento**”:

- a. As remuneracións de traballadores federativos, e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (I.R.P.F.), incluíndose nestes o persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar. Estas remuneracións deberán ser de igual contía para homes que para mulleres nos mesmos niveis laborais. Co obxectivo de garantir o dereito á igualdade salarial e á non discriminación retributiva entre homes e mulleres, no caso de que a Federación teña en equivalentes niveis laborais traballadores mulleres e traballadores homes, só poderán ser obxecto de subvención as remuneracións respecto das que se garante, a través da oportuna certificación emitida polo secretario co visto bo do presidente, a igualdade salarial entre homes e mulleres.
- b. Gastos de servizos profesionais independentes, entre outros: servizos de limpeza/mantemento externos ou similar, asesoría xurídica, xestión laboral, auditoría, protección de datos, sistema contable ou similar.
- c. Gastos de aloxamento, manutención e gastos de viaxe do persoal directivo pola asistencia a asembleas, reunións e comités técnicos ou similares sendo de aplicación, por analoxía, o establecido no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia para o grupo II, é dicir:
 - Manutención completa: 37,40 €
 - Media manutención: 18,70 €

-Aloxamento: 65,97 €

-Kilometraxe en vehículo particular: 0,19 € /km

Para xustificar os gastos de aloxamento, peaxes e aparcadoiro é preciso presentar as factura xustificativas do gasto cos seus correspondentes xustificantes de pagamento.

Cando se presenten facturas que excedan estas cantidades, so será xustificable o importe establecido no Decreto citado anteriormente.

Non poderán incluírse neste apartado os desprazamentos ordinarios á sede federativa.

- d. Gastos da sede federativa: alugueres (se procede), pago de impostos, gastos de comunidade, consumos de explotación (auga, enerxía), material de oficina.
- e. Reparacións e conservación: reparacións na sede, mantemento de equipos (servizos informáticos, fotocopiadora, Fax).
- f. Os gastos derivados da utilización dos vehículos e outros medios de transporte federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros etc) que se imputen ao programa de gastos xerais
- g. Comunicacións: páxina web, teléfono, internet, Fax, mensaxería
- h. Gastos bancarios: Gastos póliza créditos ponte.
- i. Seguros da sede e responsabilidade civil

2) No programa **“Actividade deportiva e competitiva ordinaria”**: Son aqueles relacionados directamente e de xeito indubidable coa actividade deportiva da federación, entre outros:

- a. Material deportivo para competicións (non inventariable).
- b. Gastos derivados das instalacións específicas para o uso da súa actividade deportiva (aluguer de pavillóns, aluguer de piscinas, aluguer de pistas deportivas, refuxios de montaña...etc).
- c. Pagos a entidades deportivas derivados da delegación parcial ou total da organización dunha determinada actividade deportiva, de acordo co establecido no punto tres (3) da cláusula sétima (7ª) deste convenio.
- d. Equipacións de seleccións (roupa, equipaxes).
- e. Gastos de canons federativos e inscrición a competicións.
- f. Gastos en licenzas extraordinarias.
- g. Gastos en desprazamentos:
 - Recollen os gastos relativos ao transporte, manutención e aloxamento de deportistas, técnicos, xuíces, árbitros e representantes federativos, pola súa participación ou asistencia a eventos deportivos. A xustificación farase coas correspondentes axudas de custo, facturas, facturas



simplificadas e billetes de transporte e incluírá en todo caso o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de viaxes deberá presentarse ademáis a factura detallada dos servizos prestados e documento acreditativo do pagamento da mesma.

- Os límites máximos establecidos serán por analoxía, o establecido no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia para o grupo II, é dicir:

Manutención completa: 37,40 €

Media manutención: 18,70 €

Aloxamento: 65,97 €

Kilometraje en vehículo particular: 0,19 € /km

- Cando se presenten facturas ou axudas de custo que excedan estas cantidades, so será xustificable o importe establecido no Decreto citado anteriormente.

- h. Gastos de organización ou colaboración en competicións tales como arbitaxes, ambulancias, publicidade, carteleira, trofeos, medallas e calquera outro material necesario para o seu desenvolvemento.
- i. Os gastos derivados da utilización dos vehículos federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros, etc) que se imputen ao programa de actividade ordinaria, que se xustificarán de acordo co establecido nos apartados 7 e 8 da cláusula 7ª.
- j. Gastos derivados da contratación de seguros exclusivos para unha actividade deportiva sempre que non sexan abonados en ningún caso polos participantes.
- k. Gastos derivados da prestación de servizos de persoal técnico ou docente no desenvolvemento de cursos formativos relacionados coa actividade deportiva ordinaria.


- 3) No programa de **“Tecnificación e Rendemento”**: Os gastos xustificables corresponderanse ao grupo de deportistas vinculados a este programa, e poderán incluírse os seguintes :

- a. As remuneracións do persoal técnico, e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (I.R.P.F.), incluíndose nestes o director técnico, adestradores e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc.). Estas

remuneracións deberán ser de igual contía para homes que para mulleres nos mesmos niveis laborais.

Co obxectivo de garantir o dereito á igualdade salarial e á non discriminación retributiva entre homes e mulleres, no caso de que a Federación teña en equivalentes niveis laborais traballadores mulleres e traballadores homes, só poderán ser obxecto de subvención as remuneracións respecto das que se garante, a través da oportuna certificación emitida polo secretario co visto bo do presidente, a igualdade salarial entre homes e mulleres.

- b. Gastos de aloxamento e manutención dos deportistas incluídos no programa: aluguer, mantemento, consumos auga, electricidade, gas, e alimentación. Na memoria xustificativa de gastos deberán relacionar que deportistas da federación están vinculados a este programa.
- c. Gastos en desprazamentos:
 - Recollen os gastos relativos ao transporte, manutención e aloxamento dos deportistas e adestradores incluídos no programa de Tecnificación derivados da asistencia a concentracións, adestramentos e competicións. A xustificación farase coas correspondentes axudas de custo, facturas, facturas simplificadas e billetes de transporte e incluírá en todo caso o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de viaxes deberá presentarse ademáis a factura detallada dos servizos prestados e documento acreditativo do pagamento da mesma.
 - Os límites máximos establecidos serán por analoxía, o establecido no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia para o grupo II, é dicir:
Manutención completa: 37,40 €
Media manutención: 18,70 €
Aloxamento: 65,97 €
Kilometraxe en vehículo particular: 0,19 € /km
 - Cando se presenten facturas ou axudas de custo que excedan estas cantidades, so será xustificable o importe establecido no Decreto citado anteriormente.
- d. Material deportivo (non inventariable) e roupa deportiva do grupo de deportistas incluídos no programa.
- e. Os gastos derivados da utilización dos vehículos e outros medios de transporte federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros etc) que se imputen ao programa de Tecnificación e rendemento, xustificados de acordo co establecido nos apartados 7.7 e 7.8 da cláusula 7ª.





- f. Gastos derivados da prestación de servizos de persoal técnico ou docente no desenvolvemento de cursos formativos relacionados coa actividade de tecnificación e rendemento.

As facturas imputables a este programa deben reflectir que están destinadas ao programa de “Tecnificación e Rendemento”.

4. No programa “**Actividade deportiva en Idade Escolar**”: Gastos derivados da organización da actividade deportiva federada do Programa XOGADE. Entre estes gastos atópanse:

- a. Gastos en desprazamentos:
- Recollen os gastos relativos ao transporte, manutención e aloxamento de técnicos, delegados, árbitros e representantes federativos, pola súa participación ou asistencia a eventos deportivos do programa “Actividade deportiva en Idade Escolar”. A xustificación farase coas correspondentes facturas, facturas simplificadas e billetes de transporte e incluírá en todo caso o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de viaxes deberá presentarse ademáis a factura detallada dos servizos prestados e documento acreditativo do pagamento da mesma.
 - Os límites máximos establecidos serán por analoxía, o establecido no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia para o grupo II, é dicir:
Manutención completa: 37,40 €
Media manutención: 18,70 €
Aloxamento: 65,97 €
Kilometraxe en vehículo particular: 0,19 € /km
 - Cando se presenten facturas ou axudas de custo que excedan estas cantidades, so será xustificable o importe establecido no Decreto citado anteriormente.
- b. Gastos de organización ou colaboración en competicións tales como arbitraxes, ambulancias, publicidade, carteleira, trofeos, medallas e calquera outro material necesario para o seu desenvolvemento.

As facturas imputables a este programa deben reflectir que están destinadas ao programa de “Actividade Deportiva en Idade Escolar”.

5. No programa **“Outros proxectos de especial relevancia”**: gastos derivados da organización e execución do proxecto. Os importes asignados aos proxectos deste programa terán carácter finalista.

No caso dos proxectos de especial relevancia destinados a deportistas con características e necesidades especiais enfocados á promoción de talentos (en modalidades olímpicas e non olímpicas) poderán xustificarse dentro deste apartado:

- a. Gastos de aloxamento, desprazamento e manutención dos deportistas incluídos no proxecto por asistencia a concentracións, adestramentos e competicións nos termos establecidos nos anteriores programas.
- b. Material deportivo e roupa deportiva do grupo de deportistas incluídos no proxecto.

As facturas imputables a este programa deben reflectir o proxecto concreto ao que están destinadas.

Novena.- Gastos non subvencionables.

9.1. Sen prexuízo do establecido na lexislación vixente, e no resto do clausulado do presente convenio, non son gastos subvencionables:

- a) Os intereses debedores das contas bancarias.
- b) Xuros, recargos e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.
- d) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) Os impostos persoais sobre a renda.

9.2. Ademais dos indicados anteriormente, quedan excluídos da posibilidade de subvención con fondos procedentes da Secretaría Xeral para o Deporte, salvo motivación escrita da Federación autorizada pola Secretaría, os seguintes gastos:

- a) Material de publicidade e propaganda propios da federación.
- b) Premios en metálico ou obsequios a deportistas.
- c) Axudas económicas a deportistas. Poderase excepciónar aquelas autorizadas por esta Secretaría Xeral previa solicitude e entrega por parte da federación do obxecto da axuda así como dos criterios e baremos aplicables para a súa concesión. Estas bolsas deberán ser de





igual contía e natureza para homes que para mulleres nos mesmos niveis deportivos.

- d) Axudas económicas a entidades. Poderase excepciónar aquelas autorizadas por esta Secretaría Xeral previa solicitude e entrega por parte da federación do obxecto da axuda así como dos criterios e baremos aplicables para a súa concesión.
- e) Gastos de relacións públicas.
- f) Publicacións propias (anuario, revistas, etc.).
- g) Compra de bens destinados á venda.
- h) Outros gastos sociais.
- i) Atencións persoais.
- j) Gastos en galas ou celebracións.
- k) Indemnizacións causadas pola extinción ou supresión dunha relación laboral, nos importes previstos na normativa para os expedientes de regulación de emprego por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.
- l) En relación ás axudas de custo, en ningún caso se poderán orzamentar gastos contra esta subconta, cando xa se tiveran cuberto os gastos de aloxamento e alimentación.
- m) Axudas ou compensacións a todas aquelas persoas sancionadas en firme en materia de dopaxe.
- n) Os billetes emitidos e non utilizados.
- o) Gastos extras de hotel. Teñen esta consideración os gastos de bar, mini bar, televisión e calquera outro que non se inclúa expresamente. Non serán considerados gastos extras de hotel os suplementos das salas de reunións, alimentación ou de lavandería, sempre e cando se facturen a nome da Federación.
- p) Imposto sobre sociedades.
- q) Diñeiro en metálico a conta.

Décima.- Comisión de seguimento e interpretación

Para o seguimento do grao de execución do presente convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha Comisión integrada polos seguintes representantes:

- Dous representantes designados pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- Dous representantes da Federación Galega.

As discrepancias que, elevadas para súa resolución, non sexan resoltas a satisfacción da parte que a formule, serán sometidas ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, as incidencias que se poidan formular en relación coa concesión, xustificación e reintegro da presente subvención deberán resolverse polo Secretario Xeral como órgano competente

para a concesión da subvención, de acordo co artigo 7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a disposición adicional 2ª do Decreto 88/2013 de 30 de maio de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Décimo primeira.- Vixencia do convenio e causas de resolución .

A vixencia do presente convenio estenderase dende o día seguinte o da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016, salvo denuncia expresa de calquera das partes. Non obstante esta vixencia, enténdense amparados polo presente convenio todos os gastos referidos dende o día 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro do mesmo ano.

Son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O incumprimento total ou parcial do seu clausulado.
- 2.- A imposibilidade de realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- 3.- O mutuo acordo entre as partes.


Décimo segunda.- Supostos de reintegro.

No caso de que o beneficiario da subvención incumprise o disposto neste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte revogará total ou parcialmente a subvención concedida, logo da audiencia do interesado.

Procederá o reintegro total ou parcial ao beneficiario das cantidades percibidas e as esixencia dos xuros de mora correspondentes, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As sancións en caso de incumprimento das obrigas fixadas ao beneficiario son as previstas nos artigos 59, 60 e 61 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo terceira.- Publicidade e rexistro de axudas.

O beneficiario da axuda coñece e consinte a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa de publicidade á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 126/ 2006, de 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e o Decreto 132/ 2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/ 2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.





Décimo cuarta.- Natureza do convenio, réxime xurídico e xurisdición aplicable.

O presente convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso - administrativa.

A súa normativa específica está constituída basicamente pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos, así como pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o Regulamento da mesma aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas polo artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de Transparencia e Boas Prácticas na Administración Pública Galega.

En proba de conformidade asínase o presente por triplicado no lugar e data arriba indicados.

O Secretario Xeral para o Deporte



José Ramón Lete Lasa

**O Presidente da Federación
galega de Caza**

Javier Nogueira Diz



XUNTA DE GALICIA

Convenio coa Federación Galega de

CAZA

ANEXO I

ANUALIDADE 2016

PROGRAMA	IMPORTE
Gastos Xerais de Funcionamento	6.408,25 €
Actividade Deportiva e Competitiva Ordinaria	19.224,75 €
Outros proxectos de especial relevancia	
- Supercopa Galega de caza do raposo	1.000 €
TOTAL	26.633 €